



## Concello de Vigo

### D<sup>a</sup>. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 17 de xuño de 2021**, adoptou o seguinte acordo:

#### **9.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2021. EXPTE. 10655/224.**

Visto o informe de fiscalización do 08/06/21, dáse conta do informe-proposta do 21/05/2021, asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, pola concelleira-delegada de Área, a asesora xurídica do servizo e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do día 25.02.2021 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria específica de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres no ano 2021.

A cantidade máxima destinada a este programa é de 91.000,00€ (noventa e un mil euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria 2311.4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A convocatoria e as bases do programa publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo. Asemade, as Bases reguladoras e o extracto da convocatoria publicáronse nos Boletín Oficial da Provincia os días 10.03.2021 e 16.03.2021, respectivamente. O prazo de solicitudes comezou o día 17 de marzo e rematou o 31 de marzo de 2021.

Recibíronse solicitudes correspondentes a 52 entidades na sede electrónica do Concello de Vigo, presentadas polo procedemento e no prazo estipulado, tal e como establece a base décimo primeira, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor do procedemento, procedeu ao estudo das solicitudes e da documentación que debe acompañalas. Tras a revisión das solicitudes presentadas, requírese a documentación necesaria ás entidades que presentaran a solicitude incompleta. Todas as entidades presentaron a documentación requirida na forma e prazo. Segundo o estipulado na base sétima da convocatoria, a avaliación das solicitudes determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes segundo o estipulado na base quinta.

Toda vez que as bases reguladoras da convocatoria establecen unha contía máxima de axuda a conceder por entidade beneficiaria de 3.000 € (apartado 2 da Base Oitava), as entidades solicitantes acreditan estar ao corrente das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social e para co Concello de Vigo presentando unha declaración responsable (Anexo IV).

Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada por D<sup>a</sup> Eugenia Blanco Iglesias, concelleira de Igualdade que actuou como presidenta, D<sup>a</sup> Mar Soto García, axente de Igualdade e D<sup>a</sup> Cristina Gómez García, xefa do servizo de Igualdade, que ademais actúa como secretaria. A Comisión constituíuse o día 20 de maio de 2021 con obxecto de valorar as solicitudes presentadas conforme cos criterios sinalados na base sétima da convocatoria. (In-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 20:18	Páxina 1 de 8
SUBVENCIONS	CSV: A5A249-E635EC-848F34-9P9NZV-KGQGCD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

corpórase ao expediente a acta da devandita sesión xunto coas follas valorativas de cada entidade e dúas táboas: unha táboa que reflicte a puntuación outorgada a cada un dos proxectos, o valor dos puntos outorgados e o importe das axudas concedidas, e unha táboa co resumo das contías concedidas).

En cumprimento do artigo 21.4 da Lei de subvencións de Galicia, maniféstase que da información que obra no poder da Concellería de Igualdade se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.

En aplicación das bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1º.- Conceder, con cargo á partida “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” 2311 4890000 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, as subvencións ás entidades que se relacionan no anexo I deste acordo, para a realización dos proxectos desenvolvidos ao abeiro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres no ano 2021”, por un importe total de noventa mil novecentos noventa e nove euros con noventa e seis céntimos (90.999,96 €); constando no anexo I que se incorpora, a relación de entidades, proxectos e contía das axudas concedidas.”

2º.- Denegar a concesión das solicitudes de subvención que de seguido se relacionan, por considerar, o órgano instrutor, que non son conformes coas bases reguladoras do programa:

a) Porque a materia e contido do proxecto coincide con programas municipais obxecto de contratación pola Concellería de Igualdade (apartado 2.6 da base 5ª); o proxecto realízase en centros de ensino onde se están a desenvolver programas municipais de igualdade e prevención da violencia de xénero (apartados 2.f da base 5ª); e ademais o proxecto non reúne as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo (apdo. I da base 5.2):

- Asociación “Asociación Axuda ao/a Toxicómano/a Érguete”, con CIF: G36642726. Proxecto “Educando na igualdade”. Expediente 10.760-224.

b) Porque a materia do proxecto non se axusta aos obxectivos da convocatoria (apartado 2.I da base quinta); e por considerar que o proxecto ten unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo (apartado 2.e. da base quinta):

- “Orquesta Clásica de Vigo”, con CIF: G36688422. Proxecto: “Ciclo de conferencias musicadas. Mulleres compositoras na historia de música.”. Expediente 10.766-224.

3º.- Publicar este acordo no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación.

4º.- Notificar o acordo ás persoas interesadas, con indición de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses.”

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 20:18	Páxina 2 de 8
SUBVENCIONS	CSV: A5A249-E635EC-848F34-9P9NZV-KGQGCD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**ANEXO I: ENTIDADES, PROXECTOS E CONTÍAS CONCEDIDAS**

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA:	Puntos	Contía solicitada	CONTÍA CONCEDIDA
G36627453	Asociación Viguesa de Alcohoxía ASVIDAL	Construe VII	25,00	1.381,00 €	<b>1.381,00 €</b>
G28197564	Asociación Española contra el cáncer Vigo	Moito que gañar. Programa de modificación de hábitos e recuperación psicofísica	20,00	2.000,00 €	<b>1.648,84 €</b>
G36380301	Asociación Diagnosticadas de Cancro de Mama	Promoción da saúde das mulleres diagnosticadas de cancro	31,50	3.000,00 €	<b>2.596,90 €</b>
G27739861	Asociación Cultural Traspés	Recoñecemento da figura feminina na conservación do patrimonio inmaterial galego	18,00	3.000,00 €	<b>1.483,94 €</b>
G36697324	Down Vigo. Asoc. Síndrome de Down	Muller. Educación para a saúde	32,50	3.000,00 €	<b>2.679,35 €</b>
G36998896	Fundación Cluster de Conservación de Productos del Mar	VII Xornadas divulgativas do papel da muller no sector pesqueiro e conserveiro	33,25	1.550,00 €	<b>1.550,00 €</b>
G36861078	Fundación Érguete Integración	Proxecto DANA	36,00	1.270,00 €	<b>1.270,00 €</b>
G36648988	AVCD San Xurxo de Saiáns	Cerámica de iniciación IV	17,00	1.200,00 €	<b>1.200,00 €</b>
G36659894	AVV de San Roque	Manter en forma o estado físico. Pilates	16,00	1.800,00 €	<b>1.319,07 €</b>
G36640985	AVV As Nosas Rúas de Vigo	Adestra e recupera a túa memoria	20,00	3.000,00 €	<b>1.648,84 €</b>



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 20:18	Páxina 3 de 8
SUBVENCIONS	CSV: A5A249-E635EC-848F34-9P9NZV-KGQGCD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA:	Puntos	Contía solicitada	CONTÍA CONCEDIDA
G36633618	AVCD Consumidores e Usuarios de Lavadores	Coñecemento da percusión galega	17,00	3.000,00 €	<b>1.401,51 €</b>
G27745397	Fundación para la pesca y marisqueo FUNDAMAR	VII Xornadas divulgativas do papel da muller no sector pesqueiro e conserveiro	33,25	1.550,00 €	<b>1.550,00 €</b>
G36810752	Asoc. Mulleres Xestas	Deseños Florais Vangardistas	18,00	2.750,00 €	<b>1.483,94 €</b>
G36628543	Asoc. Cultural e Deportiva Xestas	Taller contemporáneo de arranxo floral	18,00	2.850,00 €	<b>1.483,94 €</b>
G36821817	Asoc. Amas de casa e consumo Agarimo	Taller de alimentación saudable e benestar emocional	20,00	3.000,00 €	<b>1.648,84 €</b>
G27718907	Asoc. Nós Mesmas	Orgullo Crítico LGTBI+Vigo 2021	39,50	3.000,00 €	<b>3.000,00 €</b>
G36802536	Asociación de Ayuda a la Vida AYUVI	Mulleres na primeira liña	24,00	1.200,00 €	<b>1.200,00 €</b>
G36691855	AVCR San Mamede de Zamáns	Dálle unha segunda vida á roupa vella	14,00	600,00 €	<b>600,00 €</b>
V36658680	CRC de Cabral	Restauración e decoración do moble. Perfeccionamento parte 2.	18,00	1.990,00 €	<b>1.483,94 €</b>
G36820637	Asociación Galega Amigas/os do Rocío de Vigo	Curso de Pandereteiras 2020-2021	17,00	2.600,00 €	<b>1.401,51 €</b>
G27727593	Asoc. Acción Solidaria de Galicia	Mulleres con moito que dicir III	21,00	3.000,00 €	<b>1.731,27 €</b>



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/05/2024 20:18

Páxina 4 de 8

SUBVENCIONS

CSV: A5A249-E635EC-848F34-9P9NZV-KGQGCD-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA:	Puntos	Contía solicitada	CONTÍA CONCEDIDA
G36632081	A VVde Beade AVCU-CSCR	Taller contemporáneo de arranxo floral	25,00	1.024,39 €	<b>1.024,39 €</b>
G15383011	Unión Xeral de Traballadores/as UXT	XXV Anos de reivindicación da muller traballadora	40,50	2.748,50 €	<b>2.748,50 €</b>
G36648640	AVSC e Deportiva de San Miguel de Oia	Actividades de promoción da muller	17,00	3.000,00 €	<b>1.401,51 €</b>
G36842284	Asociación Veciñal Praza da Miñoa	Mellorar o estrés pandémico a través do autocoidado e a tecnoloxía	27,00	1.922,40 €	<b>1.922,40 €</b>
G36928646	Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos	Consciencia emocional	37,00	2.022,44 €	<b>2.022,44 €</b>
G36627495	CRA e Cultural de Coruxo	Plan Muller en Coruxo 2021	19,00	3.000,00 €	<b>1.566,39 €</b>
G36648996	Sociedad Cultural Recreativa de Pardavila	Vivir en Igualdade	32,00	3.000,00 €	<b>2.638,13 €</b>
G36709004	A Veciñal Doutor Fleming	A Igualdade día a día	18,00	1.500,00 €	<b>1.483,94 €</b>
G36619468	Asoc. de Mulleres Dorna	Vivir en Igualdade	37,00	3.000,00 €	<b>3.000,00 €</b>
G15103112	Sindicato Nacional de CC OO Galicia	XXV Anos de reivindicación da muller traballadora	40,50	2.748,50 €	<b>2.748,50 €</b>
G15220577	Asociación Gallega de Hemofilia	Empoderhemus 2021. Proxecto dirixido a mulleres con coagulopatías conxénitas	27,00	700,59 €	<b>700,59 €</b>



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/05/2024 20:18

Páxina 5 de 8

SUBVENCIONS

CSV: A5A249-E635EC-848F34-9P9NZV-KGQGCD-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA:	Puntos	Contía solicitada	CONTÍA CONCEDIDA
G27712306	Asociación de Mulleres en Igualdade Vigo	+ Ciencia en Feminino	32,00	3.000,00 €	<b>2.638,13 €</b>
G36649325	A VV de Sárdoma O Carballo	Vivir en igualdade	32,00	3.000,00 €	<b>2.638,13 €</b>
G36729796	A VV Feira Cabral	Vivir en Igualdade	32,00	3.000,00 €	<b>2.638,13 €</b>
G36706927	Confederación Intersindical Galega CIG	Guía para Plans de Igualdade en empresas.	34,00	2.950,00 €	<b>2.803,01 €</b>
G36617082	CCAR de Valadares	Ocúpate, consérvate e divírtete. Teñámonos en conta.	25,00	3.000,00 €	<b>2.061,04 €</b>
G36622835	Asociación de persoas sordas de Vigo	Aprendendo a convivir co cancro de mama.	21,00	500,00 €	<b>500,00 €</b>
G36654184	A C S e Deportiva O Freixo	Actividades para a muller 2021	16,00	2.452,50 €	<b>1.319,07 €</b>
G36648608	A V Emilio Crespo de Navia	Autocoidado físico e emocional das mulleres	18,00	620,00 €	<b>620,00 €</b>
G01796184	Asociación Mulleres e Palabras	Todas somos lilás. Atopa o teu matiz. Unamos os matices	33,50	1.150,00 €	<b>1.150,00 €</b>
G15849318	Fundación CIP	Formación para a incorporación da perspectiva de xénero cualificada	30,00	3.000,00 €	<b>2.473,25 €</b>
G36776920	AFAGA Alzheimer	Proxecto de fomento da corresponsabilidade na atención a persoas con Alzheimer	28,00	3.000,00 €	<b>2.308,37 €</b>



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/05/2024 20:18

Páxina 6 de 8

SUBVENCIONS

CSV: A5A249-E635EC-848F34-9P9NZV-KGQGCD-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA:	Puntos	Contía solicitada	CONTÍA CONCEDIDA
G27728658	Faraxa pola abolición da prostitución	Pre-Vente Vigo	27,00	3.000,00 €	<b>2.225,92 €</b>
G27813146	Asociación Galega Afectados/as VIH/SIDA	Somos Xuntas	28,00	3.000,00 €	<b>2.308,37 €</b>
G27826999	Asoc. Empresarias de Galicia	Liderado con alma	21,00	3.000,00 €	<b>1.731,27 €</b>
G27746486	Asociación Xaruma	Formación en igualdade	37,00	2.490,56 €	<b>2.490,56 €</b>
G36684991	A VV As Fontes de Lavadores	Vivir en Igualdade	32,00	3.000,00 €	<b>2.638,13 €</b>
G15773013	Asoc. CNG da Marcha Mundial das Mulleres	Accións para a promoción da Igualdade	21,00	1.800,00 €	<b>1.731,27 €</b>
G36817385	Escola de Tempo Libre Xaruma	Accións formativas de ETL Xaruma	31,00	1.705,63 €	<b>1.705,63 €</b>
				<b>SUMA DAS CONTÍAS</b>	<b>90.999,96 €</b>



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 20:18	Páxina 7 de 8
SUBVENCIONS	CSV: A5A249-E635EC-848F34-9P9NZV-KGQGCD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

CCA/me.

V. e Pr.  
O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2024 20:18	Páxina 8 de 8
SUBVENCIONS	CSV: A5A249-E635EC-848F34-9P9NZV-KGQGCD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		